

CAMPUS ■ Os investigadores cavarán un xardín para usar enerxía xeotérmica como calefacción

A Universidade de Ourense quentárase grazas ó seu subsolo

Investigadores ourensáns cavarán este mes un pozo de 150 a 200 metros de profundidade no xardín do campus de Ourense, coa intención de medir a calor do subsolo e para poder aproveitalo como calefacción das instalacións universitarias.


Este método pioneiro atópase no seu último paso, segundo José Ángel Cid Fernández, xa que foi autorizado durante meses por un equipo da Facultade de Ciencias e incluíu a detección e análise de gases como o radón e CO₂, para o que contaron cunha experta estadounidense en xeotermia.

Os investigadores aclaran que existen indicios de que a diferenza de temperatura entre a superficie e o subsolo do xardín do campus pode andar polos 35 graos centígrados. cando o habitual é unha

diferenza de 14. Este gradiente de temperatura, explicou o experto Cid Fernández, é máis que suficiente para o seu aproveitamento en calefacción e só falta saber se hai ou non auga termal no subsolo, porque esta circunstancia faría posible, ademais de aproveitar a calor para calefacción, manter unha piscina climatizada.

Outro investigador do equipo, Ángel Luís Gúezmes Barriuso, apunta que a instalación deste sistema pioneiro de calefacción comezará polo edificio administrativo do campus de Ourense e podería estar funcionando dentro de seis ou oito meses, aínda que só se a Universidade consegue financiamento.

"Hai que ter en conta, comenta, que unha calefacción baseada na xeotermia é máis cara que a con-



Os investigadores José Ángel Cid Fernández (esquerda) e Ángel Luís Gúezmes Barriuso (dereita) no campus ourensán

O DATO

Con cinco anos de historia

Cid Fernández di que os estudos sobe xeotermia teñen unha historia de cinco anos e ha poucos expertos no mundo

vencional". máxime se e preciso cambiar todo o sistema, aínda que a investigación é viable nos pavilións máis vellos do campus, posto que o seu sistema está xa desfadado.

O pozo, que se escavará a finais deste mes de agosto, permitirá coñecer o tipo de granito que hai baixo o xardín. a existencia ou

non de auga termal e a evolución da temperatura. A investigación do campus ourensán terá repercusión noutras cidades como Vigo xa que, segundo Cid Fernández, no campus vigués está proxectado un edificio con calefacción de orixe xeotérmica. pendente dos resultados obtidos na investigación ourensá. ● EFE